



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Telefóns: 981 - 69 55 67 y 981 - 0 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: [correo@frades.dicoruna.es](mailto:correo@frades.dicoruna.es)

### **ASUNTO: MEMORIA DE NECESIDADE DO CONTRATO DE SERVIZO DE BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS**

De conformidade co disposto nos artigos 28 e 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014, e en canto non se opoñan á anterior, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro (en diante RGLCAP), así como na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no relativo ao acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, elabórase a correspondente memoria xustificativa da necesidade do contrato da prestación na anualidade de 2021 mediante procedemento aberto do contrato de servizos correspondente aos traballos - actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa composta por cinco membros por xornada de traballo, de conformidade a segunda addenda do convenio interadministrativo suscrito entre a consellería do medio rural e entidades locais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2021 cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco PDR de Galicia 2014-2020, (en adiante convenio).

#### **1.- Necesidade de execución da obra e competencia:**

O Concello de Frades, de conformidade co disposto no artigo 25.2.c) da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local ten competencia nos servizos de prevención e extinción de incendios, como así se establece tamén no artigo 7 da Lei 3/2017, de 9 de abril, de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

#### **2.- Contido - Obxecto do contrato:**

Aos efectos de concreción e determinación do obxecto do contrato faise constar que o obxecto do contrato está constituído polos traballos ou actuacións de defensa contra os incendios forestais (labores de vixilancia e extinción) realizados a través dunha brigada integrada por cinco membros por xornada de traballo, así como a realización das labores de prevención (labores de roza) e

demais obrigas previstas no convenio.

### **3.- Duración:**

O prazo de execución do servizo establécese en 3 meses, debendo iniciarse a prestación do servizo, con operatividade da brigada con anterioridade ao 30 de agosto de 2021, de conformidade co previsto na cláusula décima do convenio. O prazo comezará a contra dende o seguinte a firma da acta de inicio da prestación do servizo.

### **4.- Xustificación do procedemento empregado:**

A contratación da execución dos servizos correspondentes aos traballos - actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa composta por cinco membros por xornada de traballo verificarase de conformidade co artigo 156 da LCSP, mediante procedemento aberto.

### **5.- Valor estimado, orzamento de licitación e aplicacións orzamentarias:**

O orzamento base de licitación (gasto máximo autorizado) para este contrato determinado de conformidade co previsto no artigo 100 da LCSP queda fixado na cantidade de 45.000,00 € - I.V.E. e demais tributos incluídos determinado de conformidade cos prezos de mercado resultantes do custo de execución do contrato en exercicios anteriores, e cos custos salariais estimados a partir do convenio laboral aplicable.

O importe da adxudicación abonarase con cargo ao orzamento do Concello, existindo crédito adecuado e suficiente para financiar a aportación municipal ás obrigacións derivadas do convenio e deste contrato, tal e como consta na aprobación inicial do orzamento, na aplicación orzamentaria 136.22799.

O valor estimado do contrato, ascende a: 37.190,08 euros.

### **6.- Lugar de prestación:**

Concello de Frades.

### **7.- División en lotes:**

O obxecto deste contrato non se divide en lotes ao amparo do disposto no artigo 99.3.b) da LCSP por canto a execución do obxecto deste contrato prevista no convenio non permite a súa división ao estar previsto no convenio que ambos traballos de extinción e prevención se realicen pola mesma brigada.

## **8.- Responsable do Contrato:**

Don Juan Carlos Portos Bra, Concelleiro de Medio Ambiente e Xestión dos Residuos.

## **9.- Órgano de contratación:**

O órgano de contratación competente é a Alcaldía.

## **10.- Insuficiencia de medios:**

O Concello de Frades de conformidade co disposto no artigo 116.4 da LCSP pon de manifesto que non conta cos medios necesarios para levar a cabo o servizo polo que se estima necesaria a súa licitación a través do correspondente procedemento de contratación xa que senón imposibilitaríase o cumprimento do convenio suscrito.

## **11.- Criterios de adxudicación:**

O contrato adxudicarase á proposición que oferte a mellor relación calidade-prezo na execución do contrato, avaliada mediante a aplicación dos seguintes criterios de adxudicación (100 PUNTOS): valorarase como criterio subxectivo a elaboración dun programa de traballo e como criterios automáticos o prezo e a elaboración dunha memoria resume dos traballos realizados ao finalizar os servizos contratados.

## **12.- Criterios de solvencia:**

### **Solvencia económica y financeira**

Para ser adxudicataria do presente contrato de servizos, a acreditación da solvencia económica, financeira e técnica da persoa do licitador realizarase polos seguintes medios: Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato ou a existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.

### **Solvencia técnica ou profesional**

A solvencia acreditarase polos seguintes medios: Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos por importe superior ao valor estimado do contrato.